

CERTIFICACIÓN que expido a petición da persoa interesada e para que produza efectos no concurso convocado por Acordo da Mesa do Parlamento do ..... BOPG núm .....  
Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_  
Sinatura.

Observacións:

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

**Corrección de erros do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de outubro de 2022, polo que se anuncia a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar, por concurso-oposición e promoción interna, en dúas prazas do corpo de xestión do Parlamento de Galicia e se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección.**

Advertido un erro no devandito acordo, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 401, do 26 de outubro de 2022, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Onde di:

#### «Décima. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.»

Debe dicir:

#### «Décima. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.»

Santiago de Compostela, abril de 2023  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior

